

UNHA NOVA ESCOLA RURAL GALEGA

Hai un escaso trimestre, no seu número 67, a *Revista Galega de Educación* daba conta do peche, vai para dous anos, da mini-concentración de Doiras en Cervantes, na montaña de Lugo. Dúas aulas de infantil e primaria con só 10 nenos en total, e 3 deles en 6º de Primaria; unha tristura para os propios nenos e nenas matriculados. Realizábase alí tamén unha reflexión sobre o peche, xa non de escolas unitarias, senón tamén de pequenos colexios no rural galego.

Parecen mandar as razóns demográficas, as económicas e a racionalización de recursos, e neste sentido hai casos nos que parecería que “non queda outro remedio”. Pero esta é unha posición fatalista que cómpre combater desde os instrumentos de intervención política. O declive demográfico e/ou económico en amplas zonas rurais de Galicia é algo anunciado hai varias décadas, caso de non intervir con procesos políticos, de política económica e social, con capacidade para revertir unha negativa perspectiva. En efecto, non houbo neste tempo, case sempre baixo gobernos do PP, as políticas de desenvolvemento rural que o país precisa, tal como recoñecidos especialistas veñen salientando.

Falamos de políticas complexas e articuladas mediante plans integrados e exercicios de planificación e administrativos desenvolvidos en conxunción por varias Consellerías da Xunta de Galicia a un mesmo tempo, e tamén desde os concellos implicados, contando necesariamente co consenso e a participación política das forzas de oposición no Parlamento de Galicia. Plans que dificilmente se poden levar a un tempo en toda a Galicia rural, sendo por iso preciso priorizar e graduar os específicos procesos de intervención. Hai problemas graves que precisan do consenso político para o seu atallo. E este é probablemente un deles. Tamén porque estamos ante asunto de imposible resolución no tempo dunha soa lexislatura.

Non se fixo, e hoxe asistimos a un profundo devalo. O ‘realismo político’ imponlle ao actual goberno, ou o fatalismo ou aparentar que algo se fai. Das bancadas da oposición con máis frecuencia sae a denuncia. Pero tamén podería saír unha posición creativa que, de seguro, encontraría un moi considerábel eco social. E como sexa, o fatalismo non é unha resposta positiva. En habendo estudos e plans de articulación, de ordenación e de equilibrio territorial tamén se poderá observar que poderán renacer demograficamente diversos núcleos rurais sobre a base de proxectos de desenvolvemento socialmente atractivos, por máis que isto noutros casos non aconteza. Como sexa, irémolo acordando desde a consciencia de estar a proxectar, con concertación democrática, o noso futuro social.

Houbo un tempo no que a Galicia rural tiña moi poucas escolas e xeralmente malas, mentres esta Galicia estaba chea de crianzas; veu logo un tempo de creación de escolas, no que con distinta funcionalidade participaron a Ditadura de Primo de Rivera e as Sociedades de Instrución dos emigrantes galegos; seguiu un de esperanza, o da República, en que mesmo desde o Seminario de Estudos Galegos se quixo artellar un plan para a “Escola Rural Galega”; despois da parálise, emprendeuse a creación de escolas na fin dos anos 50, mentres aumentaba esta poboación escolar, e de seguido veu o espellismo do progreso, que levou ao peche inmisericorde e paifoco de milleiros de aulas. Esta historia aínda deu de si: contra fins do século XX a acción relativamente continuada de dotación de medios didácticos e de mellora dos espazos construídos, viu xerar unha apreciábel cualificación tanto dos colexios existentes como das escolas unitarias ou de dúas aulas que permanecían, mentres a acción formativa de diversos seminarios de profesores e profesoras, desde a renovación didáctica, axudou a cualificar o traballo didáctico e organizativo en numerosos centros, aínda que nun escenario de poboación escolar minguante.

E neste andar continuamos: cara a unha alta cualificación do traballo didáctico en numerosos centros das contornas rurais, entremedias da caída progresiva, por veces alarmante, das matrículas escolares. Unha grave contrariedade. Pero ten bastante remedio. Para iso é preciso pensar en clave de país e poñer en acción os instrumentos políticos dos que dispoñemos.

Temos que pensar e impulsar con forza o que significa unha “nova escola rural galega”, como Johán Vicente Viqueira quería, e como parte da escola galega, culturalmente valiosa e democrática á altura do noso tempo. Hai disposición social e profesional para iso, como se puxo de relevo nos recentes *X Encontros de debate sobre o medio rural galego*, convocados por Nova Escola Galega. Hai responsabilidades políticas: móvanse!!! ■